



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A
ASEMBLEA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CRUZ
VERMELLA ESPAÑOLA**

En Santiago de Compostela, a

10/06/2020

REUNIDOS

Dunha parte Dona Rosa María Quintana Carballo, conselleira do Mar, actuando no nome e na representación da Xunta de Galicia, ao abeiro das facultades que lle concede o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

E doutra parte Dona María Carmen Colmeiro Rojo, presidenta da Asemblea da Comunidade Autónoma de Galicia na Coruña da Cruz Vermella Española actuando en nome e representación da dita institución, en virtude do poder notarial outorgado ante notario do Colexio Notarial de Madrid, Don Ignacio Manrique Plaza, en escritura número 7577, de data 27 de xullo de 2007.

Ambas as dúas partes reunidas recoñécense capacidade mutua, legal e suficiente para obrigarse mediante este convenio de colaboración e

CONSIDERAN

Primeiro.- A Cruz Vermella Española é, segundo as súas normas ordenadoras (Real Decreto 415/1996), unha institución humanitaria de interese público configurada como auxiliar colaboradora das Administracións Públicas en accións humanitarias e sociais, desenvolvemento a súa actuación nos distintos ámbitos do Estado baixo a súa tutela.

Segundo.- A devandita institución conta ao longo das costas galegas con estacións e postos de salvamento en diversos portos da Comunidade Autónoma de Galicia.





Terceiro.- A Consellería do Mar, en función das atribucións conferidas á Xunta de Galicia no artigo 29.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia e no Decreto 168/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, ten competencia, entre outras, en materia de salvamento marítimo.

Cuarto.- A Cruz Vermella é a única entidade capacitada para levar a cabo as accións obxecto deste convenio sendo imposible promover concorrência pública para atender a esta prestación a través da formalización dun contrato administrativo, quedando polo tanto fóra do ámbito da aplicación da Lei de Contratos do Sector Público.

Polo exposto, ambas as dúas partes acordan asinar un convenio de colaboración con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- A Consellería do Mar e a Asemblea Autonómica de Galicia da Cruz Vermella formalizan este convenio, que ten por obxecto colaborar en materia de salvamento marítimo e loita contra a contaminación, nos termos que se indican.

Segunda.- A Asemblea Autonómica de Galicia da Cruz Vermella Española comprométese a actuar en tarefas de salvamento marítimo e loita contra a contaminación de forma coordinada cos medios da Consellería do Mar, poñendo os medios operativos da institución a disposición alí onde sexan necesarios.

Terceira.- Pola súa banda, a Consellería do Mar comprométese a:

- 1) Colaborar e coordinar as tarefas de salvamento e seguridade realizadas pola entidade.
- 2) Achegar como máximo as cantidades que figuran na cláusula cuarta do presente convenio para levar a cabo as accións que se definen no seu obxecto e durante o período de vixencia deste.





Cuarta.- A contribución económica haberá de cubrir exclusivamente as actuacións realizadas ao longo deste ano 2020 (desde o 01/01/2020 ata o 31/12/2020) para compensar os gastos nos que incorre a Cruz Vermella na realización das devanditas accións, esta ascenderá a trinta mil euros (30.000 €), que serán financiados con cargo á aplicación 15.01.541C.604.1 (código de proxecto 2011 00867) dos orzamentos xerais da comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020. A Consellería do Mar financiará cun 50% do custo total por actuación básica realizada no ano 2020 ata un máximo de 30.000 €, isto é, comprenderá os conceptos sinalados na memoria presentada por Cruz Vermella, así, o custo básico hora, comprende os conceptos de embarcación nivel AB, patrón, desfibrilador semiautomático, socorrista e socorrista acuático.

Quinta.- O pagamento das cantidades estipuladas neste convenio será feito efectivo pola Xunta de Galicia nunha soa vez ou en partidas parciais, segundo a Cruz Vermella xustifique documentalmente diante da Consellería do Mar a efectiva realización das accións previstas mediante una relación dos servicios realizados conforme a cláusula segunda do presente convenio e deberá presentar a certificación acreditativa de ter efectuado as accións sinaladas no convenio, asinada pola presidencia da entidade e a Consellería do Mar poderá requirir en calquera momento tanta documentación precise para comprobar a efectiva realización das accións obxecto do convenio.

Sexta.- Constituirase unha comisión para o seguimento, interpretación e control das cláusulas deste convenio e a coordinación das actuacións. A Consellería do Mar designa como membro da mesma ao subdirector xeral de Gardacostas de Galicia e a Asemblea Autonómica de Galicia da Cruz Vermella a Secretaria de dita institución.

Séptima.- A vixencia deste convenio será desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2020, aínda que este poderá ser prorrogado por mutuo acordo das partes, adoptado antes de que remate a súa vixencia, e logo do informe favorable da Asesoría Xurídica desta consellería e da preceptiva fiscalización do gasto.





Oitava.- As cuestións controvertidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puidesen derivarse da aplicación deste convenio deberán solucionarse pola Comisión de seguimento á que se refire a cláusula sexta. Se non se puidese alcanzar o dito acordo, a discrepancia será resolta pola Consellería do Mar, resolución que poñerá fin á vía administrativa, e poderá ser obxecto de coñecemento pola xurisdicción contencioso-administrativa.

Novena.- Calquera incumprimento das normas contidas neste convenio, así como a achega de documentación fraudulenta ou a desviación do obxecto do gasto a fins distintos dos estipulados no convenio, terá carácter liberatorio para a Consellería do Mar respecto dos compromisos contraídos coa Asemblea Autonómica de Galicia da Cruz Vermella e dará lugar á rescisión Automática do convenio.

Décima.- Este convenio formalízase tendo en conta o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e de acordo co establecido na Resolución do 3 de abril de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se lle dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, sobre iniciación, continuación e aprobación de expedientes de contratación e de subvencións (DOG nº 69-bis do 8 de abril de 2020) e no Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de abril 2020, polo que se acorda a continuación da tramitación de determinados expedientes e procedementos, no eido da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico.

Undécima.-Transparencia e bo Goberno na Administración Pública Galega
De conformidade co establecido nos artigos 12 a 16 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, en concordancia cos artigos 24 e 25 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, os asinantes outorgan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no convenio, e no restos das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicadas no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.





E en proba de conformidade con canto antecede, as partes que interveñen asinan este convenio pro triplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento

POLA CONSELLERÍA DO MAR

POLA CRUZ VERMELLA

Rosa Mª Quintana Carballo

Mª Carmen Colmeiro Rojo

